



Nadal

A liberación
ten que vir de abaixo

A foto que fala

Revivindo a Pepe Chao na Eira de Xoana [A Golada - 27 de novembro - Acto de homenaxe organizado por Adega e a Fundación Eira]



O trasno Peóns, rúas, camiños, camiñantes, sendeiros e itinerarios

Daniel López Muñoz



Parece mentira, pero é verdade. Cada vez que un alcalde con ganas de cambiar unha cidade se decide a peonalizar certas áreas, lévaas no lombo. Pasou en Pontevedra, que agora é envexa e modelo para tantas caóticas cidades de medio pelo. Porque unha cidade das nosas, con distancias posibles, de dimensión humana, pode, a estas alturas do século e da industria locomotriz, elixir un destes dous destinos: ou ser un espazo humanizado, ou un caos *fumenizado* (que, digamos, vén de “fume”). Ou ser acolledora, silenciosa, poboada e andable.... Ou ser unha cousa ruidosa

menos carros, van perder clientes. Tanto ten que a evidencia diga que o pequeno comercio lle vende á xente que anda; que son tendiñas de trinta metros cadrados, que non son macautos!; que os que pasan centelleados, non son clientes, senón inimigos dos seus clientes; que o barrio tranquilo, paseable, acolledor, é a mellor estratexia para competir coas grandes superficies, onde si, abofé, hai que ir en carro, para atordar de ruído e inútil luminaria.

E quen di cidades, di vilas e viliñas. Eses nós de intercambio, de servizos, de encontro que son as vilas e cabeceiras de comarca hai que facelas

e deserta, un “quero, pero non podo”, co peor das macroubes e do auto-odio máis pailán.

Os argumentos en contra collen o porco polo rabo. Pequenos comerciantes da rúa de San Pedro, en Compostela, poden chegar a protestar porque, ao pasar

atractivas, andables, agradables. Son o futuro da Galicia non urbana. Hai que reivindicar a bonitura, a fermosura das viliñas portuguesas, e importala para Lalín, para A Estrada, para Xinzo, Vilalba, Ordes e a Fonsagrada. Non podemos normalizar o feo, o rápido, o tanto ten.

E quen di vilas, di aldeas e comarcas. E recuperar, na medida na que se poida, o mapa de Fontán, aquel que Otero Pedraio tiña no seu despacho: un mapa con todos os camiños de Galicia. Antes do asfalto, antes da velocidade. Un mapa de andar o territorio, de vagariño. E facer como agora van facer no Morrazo, que marabilla, unha recuperación de itinerarios de prioridade peonil e bicicleta, recuperando o camiño real entre Cangas e Moaña. Un novo mapa para que a xente ande, porque á nosa xente encántalle andar, en grupos de mulleres, de homes, de todo, cos seus requintados chalecos reflectores, con vara ou caxato, veña a parolar.

Hai que volver unir Galicia por camiños, tecendo un novo mapa para camiñantes que amen o país.

Editorial Nadal: a liberación vén de abaixo

O estupendo do relato do Nadal, o nacemento, é que non é histórico, senón unha desas narracións construídas pola comunidade para interpretar e darlles sentido á vida e á fe compartidas. Probablemente, din os biblistas expertos, Xesús naceu en Nazaré, un día normal, cun parto normal, nunha familia de artesáns.

Efectivamente hai historias que simplemente –o que non é pouco– describen o que sucede. Hai outras que aspiran a se converteren en orientación para a vida, en fontes de criterio para estarmos no mundo e en fontes de valor para cando temos que tomar decisións morais e termar das nosas concepcións máis íntimas, esas que son como as trabes da nosa, digamos, espiritualidade.

Hai historias que aspiran a seren fontes de criterio para estarmos no mundo

Pero que sentido? O relato do Nadal é todo menos inocente. Pon o foco na debilidade duns camiñantes desprazados –mesmo con toda a pinta de seren refuxiados sirios– que son marxinaos na cidade á que chegan; acentúa a contradición entre a deshumanidade do poder local, colaboracionista co Imperio, e os pequenos dereitos e esperanzas da xente do común; sitúa unha muller humilde no

centro da historia; celebra que é a solidariedade dos iguais, sexan pastores ou labregos, a que fai posible a supervivencia e o futuro dos que atravesan unha crise vital; e mesmo fai unha chiscallela agradecida aos animais benqueridos que acompañan a humanidade desde o neolítico.

O relato de Nadal está concibido para alimentar a aspiración a unha humanidade única, xusta e reconciliada. Para remarcar que se hai salvación –mesmo divina– para este caos que, por veces, nos amola, pasará, desde logo, pola liberación que nace desde abaixo (a estratexia da kénose, que din os que saben desas cousas teolóxicas: facerse un pequeno para, xuntos, facérmolos todos máis grandes).

Desgraciadamente, ese precioso relato está en perigo. Semella que só se apropian del aqueles sectores sociais empeñados en que hai varias humanidades, dependendo das clases e razas; os que aceptan a desigualdade como necesaria e conveniente. A dereita, habilmente, sempre tratou de secuestrar o Nadal. E, en sentido contrario, é pouco menos que rexeitado polos que si proclaman un cambio das estruturas inxustas.

Para os que mantedes viva unha mente sen prexuízos e con capacidade de síntese e unha esperanza activa, moi bo Nadal!

Rumores de esperanza

Xan Guillén

Totus pocus, limpa os mocus. Non é que agora escriba en latín chafalleiro. Nin que toleace. Son as palabras máxicas do mago Paco, ao que vimos o sábado en Pontevedra no Culturgal. Que boa tarde pasamos vendo diferentes espectáculos para pequechos. Que cantidade deles gozaban coas actuacións pensadas para eles. Canta creatividade, canto bo facer, cantas cousas boas no Pazo de Congresos de Pontevedra. Culturgal é unha enchente do bo facer dos creativos da nosa terra. É imposible ir a todo, nin gozar con todo. O bo traballo das editoriais, dos artistas musicais, actores e actrices...

Todos os galegos e galegas deberiamos pasar por alí e enchernos de orgullo de noso. Cando pensamos que a nosa autoestima está baixa, podemos vernos neste espello cheo de cores e formas. Ademais o Culturgal non é só o que se ve. Tamén hai cousiñas que non se ven. O encontro coas amizades. Atopei un amigo e faloume de algo moi bo que se está a facer nalgúns IES. Trátase de regueifas a través de grupos de wasap. A rapazada dun instituto regueifa coa rapazada doutro instituto a través desa aplicación de móbil. Extraordinaria idea. Somos creativos, somos imaxinativos, somos Culturgal.



De todas estas sensacións, quedo coa frase da miña filla ao saír do Pazo de Congresos: “Papá, papá, estes son os Bolechas de verdade?”

1



3



2



4



A peneira

1

Neste mes de **SANTOS**, na Costa da Morte, deixounos Perico (Pedro Santos Canosa), que alumou con coraxe e bonhomía moitas comarcas, coa súa xenerosidade, loitou polo cooperativismo para promocionar o agro. Gozou con todos os sectores e practicou o deporte coa mocidade.

2

Cando nos aturden co aumento do emprego no Nadal, a Organización Internacional de **TRABALLO** denuncia a precariedade, igual en España ca en Mongolia e Perú: representan a cuarta parte dos traballadores, o 27%, fronte ao 11% de media mundial. Somos o segundo país europeo con máis traballadores eventuais, despois de Polonia.

3

O **ALZHEIMER** afecta a 63.000 persoas. Os parentes buscan remedios contra o esquecemento. Así, Agadea de Compostela vén de presentar: "Activando a memoria dende o Museo do Pobo Galego. O folclore como recurso para a memoria cognitiva"; e Afaco da Coruña presentou unha app móbil: "Eu coidote".

4

O **CHUAC** da Coruña foi agasallado polo seguimento da enfermería nos fumadores trasplantados de riles. O **TABAQUISMO** é a principal causa de mortes evitables e provoca a perda de dez anos de vida a millóns de persoas. Un 10% dos menores de 14 anos sófreno dun xeito cotián.

5



7



6



8



5

O 64% da mocidade xitana non remata a **ESO**, fronte ao 13% do resto da poboación, e o 43% abandonan os estudos despois da ESO, sen estudar nin traballar. É o estado cun abandono escolar máis precoz en Europa e queren provocalo máis con avaliacións e ciclos rigorosos para os sen medios.

6

O 17 preséntase o Protocolo de Donostia no Kursal desta cidade, a prol dos dereitos lingüísticos e a súa xestión nos ámbitos da sociedade. Pilar García Negro vai denunciar a discriminación que sofre o **GALEGO** pola imposición do castelán desde a Xunta, nas relacións comerciais con terceiros países, etc.

7

9.200 **ROMANESES** (509 chegaron no 2015) conviven con nós: a solución é crear traballo alí. A empresa Aluminios Cortizo de Padrón abreu o cuarto centro de loxística e distribución en Bucarest, con 40 novos empregos. É o cuarto estado que chega máis inmigrantes.

8

Convócanos a greves contra o deterioro do traballo. Desde o 2009 e ata a fin do 2015 houbo en Galicia máis de 700 **GREVES** que afectaron a 3 000 centros de traballo. Entre o 2013 e o 2014 houbo 3 445 manifestacións convocadas polos sindicatos e 562 polos comités de empresa.

Alfonso Blanco Torrado

Economía Cambios impositivos

Pedro Pedrouzo Devesa



As cifras de déficit público fixeron reaccionar ao goberno. Ante a necesidade de aumentar os ingresos públicos e a imposibilidade de endebedarse máis, decidiu aumentar os ingresos vía impostos.

O precario equilibrio de quen goberna obriga aos partidos a cambiar de chip. Hai que negociar. Hai que sentarse nunha mesa e obrigarse a buscar algún punto en común entre todos os miles de reformas que se nos din necesarias. Mentres todos se van mentalizando que unha sociedade plural pode funcionar perfectamente a base de acordos puntuais no que todos ceden, estaremos atentos ao valor que teñen os nosos escanos nese pulso incómodo, pero necesario, para todos. A todos nos gusta que o noso equipo gañe 4-0, pero ás veces, empatar tampouco é un mal resultado.

O déficit público tamén se pode afrontar baixando gasto médico, educativo ou de servizos sociais. Unha opción que sería máis probable cunha maioría absoluta popular, pero que parece máis difícil se necesita apoios externos. Desta vez, Ciudadanos foi menos necesario que o PSOE, e o PP descubriu como serán as súas preferencias parlamentarias.

Hai dous grandes tipos de medidas sobre a mesa. Por un lado os impostos a produtos con efectos negativos sobre a nosa saúde, como son o tabaco, alcohol destilado ou bebidas carbonatadas e azucradas. Os argumentos para subir estes impostos son evidentes. O efecto que causan sobre o gasto sanitario obrigan a que os seus consumidores deban afrontar parte do custo da atención sanitaria que provocan. Ao mesmo tempo, a esperada subida de prezos debería desalentar o seu consumo, aínda que non sería de estranar que os prezos das bebidas carbonatas non suban tanto como suben os seus impostos. As empresas nunca trasladan as subas de impostos da mesma forma. Unhas veces suben os prezos menos e outras máis. Iso depende da posición que ocupan no mercado e de como prevén eles que o consumidor reaccionará. Se prevén unha baixa grande de consumo, esa suba será mínima, como ocorreu coa suba do IVE no cine, que non afectou practicamente nada aos prezos.

A outra área afectada é a do imposto de sociedades, na que se van eliminar varias das súas deducións e bonificacións que convertían en simbólico o seu tipo de gravame, moi alonxado do tipo real que acababan pagando as empresas unha vez aplicadas as numerosas e, moi discutibles, vantaxas fiscais existentes.

Pois agora toca negociar a ver como se aplican estas reformas. Podemos optar por unha postura simbólica na que nada nos vale, ou suar co articulado. Nada está garantido. Será o primeiro gran pulso, o eido fiscal, no que se encontra a esencia da nosa ideoloxía e a forma de ver a cousa pública. O resultado óptimo sería que todos se encontrasen incómodos co seu electorado, pero medianamente satisfeitos de mellorar a situación previa, que é a que temos. Somos quen de mellorar a situación actual? Aínda que sexa a modiño? Xa non estamos en eleccións.



O peto común

Manolo Regal Ledo

O NADAL DAS VISITAS, AS VISITAS DO NADAL

Como persoa cristiá que son, síntome invitado, provocado a me preparar ben para as festas do Nadal, o aniversario do nacemento de Xesús (que, a dicir verdade, non sabemos en que data naceu, pero deixemos a cousa así). Por fóra encontro rebumbio de luces, de músicas, de incitacións ao gasto, de paparotas, de chamadas enganosas a regalar, porque, disque, se non merco e regalo cousas, como lle hei demostrar a unha persoa que lle teño aprecio. E cousas así. E deste xeito construímos o Nadal das vaidades, que non deixa máis que vidas e corazóns gastados, baleiros.

Atráeme, en cambio, outra cousa que, en menor grao, tamén se dá entre nós, especialmente nos tempos que preceden e acompañan o Nadal: as visitas, os encontros, os reencontros, particularmente cando se compoñen de gratuidade, de desinterese e, se cadra, daquel detallíño amoroso, que mesmo podemos elaborar coas propias mans ou na propia cocíña. As visitas que veñen e van, que facemos e que nos fan. As visitas maiormente a quen igual non me pode corresponder. As visitas á xente sen visitas. As nosas visitas, dadas e recibidas, son un bo baremo para medir a simplicidade, a autenticidade da nosa traxectoria cristiá. Eu non saio moi ben parado desta proba.

Por iso tomei esta determinación que comparto cos lectores e lectoras de IRIMIA: aumentar nestes días a cantidade e calidade das miñas visitas e encontros, que poden ir desde a chamada de teléfono ata petar na porta dalgunha persoa concreta, desde o saúdo limitado e agarimoso ata a conversa calmada e implicada, desde a entrega do meu tempo ata a oferta de algo máis, algo do que son e teño.

Ao fin e ao cabo, o Nadal non é senón a conmemoración das moitas visitas que Deus nos ten feito, e daquela especialísima que levou a cabo na persoa de Xesús de Nazaré. Algo que non é doado acomodar na nosa existencia, que nos revolve e nos provoca: a que vén, que quere, que trae..., e por iso mesmo, se cadra, fuximos deste reto deixándonos arrolar polo balbordo do Nadal. Así que igual non estaría mal compensar polo menos o balbordo do Nadal con tempos de quietude e silencio. De admiración. De escoita. Pola xente que nos visita ou visitamos. Polo Deus que tamén o fai. Eu así o sinto e así o comparto convosco.

Feliz Nadal, amigas e amigos de IRIMIA.



O CARRABOXO por ROBE LOIS



Agora que Fidel finou e apareceron tantas referencias e lembranzas á súa persoa nos medios, non queriamos deixar de traer á actualidade aquel encontro histórico na Habana entre o frade dominico e teólogo da liberación brasileiro Frei Betto e o comandante Castro, nos anos oitenta, que daría lugar a un libro entrevista sorprendente e moi ben acollido entre as comunidades de base, no que había afirmacións coma esta: “Hai dez mil veces máis coincidencias entre o cristianismo e o comunismo que entre o cristianismo e o capitalismo”. Na conversa abórdanse multitude de aspectos, non só o asunto da fe en relación coa revolución, aínda que ese aspecto é, por suposto, recorrente. Fidel describe tamén, por exemplo, a súa infancia na facenda do seu pai, a súa escolarización, a guerrilla. Aquela mesma infancia que, canda a súa visita a Galicia, no acto do Araguaneí, era unha desculpa para o seu humor galego-caribeño, cando dicía algo así como que “xa que no meu currículo de revolucionario quedaba mal visto poñer ‘fillo de terratenente’, optei por poñer ‘neto de campesiños pobres’ que eran os de aquí, de Galicia”. Na longa entrevista vense luces e sombras. Fidel fala de historias non contadas, como a mediación do bispo de Santiago, Pérez Serantes, para salvarlles a vida aos presos do asalto ao cuartel de Moncada; ou do padre Sardiñas, sacerdote que se integra na guerrilla. “Serantes”, “Castro”, “Sardiñas”..., de que parte do mundo virán eses apelidos?...

Velaquí unha moi pequena escolma-homenaxe a aquel libro valente e polémico.

Lembrando o libro-entrevista que Frei Betto lle fixo a Fidel Castro en 1985



“Antes da entrevista, Fidel manifesta que quere prepararse, que quere ler un par de libros de Boff (*Jesucristo libertador* e *Iglesia, carisma y poder*), así como os textos do Vaticano II e da Conferencia de Medellín”

unha rapaciña envioume esa cadeíña, cunha cruz e unha mensaxe moi agarimosa

“Pregúntome como o dirixente cubano consegue combinar dentro da súa axenda de traballo as innumerables tarefas do goberno, a voracidade intelectual polos máis variados temas

e o pracer de conversar. Non lembro atopar antes unha persoa con intelixencia tan aguda e tanta predisposición para o diálogo persoal”

Frei Betto: Que lembranza ten da misión relixiosa dos xesuítas? Estaba dirixida máis cara á vida, ou máis a cousas do Ceo, da salvación da alma? Como era a cousa?

Fidel Castro: Agora podo vulgar mellor. En retrospectiva..., todo era moi dogmático: “isto é así porque ten que ser así, aínda que non se entenda; se non o cres, aínda que non o entendas, é unha falta, algo digno de castigo”. É dicir, a non utilización do razoamento, eu diría; o non desenvolvemento do razoamento e do sentimento. Parece que unha fe relixiosa, como unha fe política, ten que fundamentarse no razoamento, no desenvolvemento do pensamento e do sentimento; son dúas cousas inseparables.

F.B. :(O padre Sardiñas) incorpórase á guerrilla naquel momento no que aínda non había sacerdotes polo socialismo e esas cousas, co apoio do



O padre Sardiñas bautizando en Sierra Maestra

seu bispo, e non coma un acto persoal, illado...

F.C.: El non foi como soldado, mantívoselle a condición de sacerdote. Estaba alí coa tropa, convivía, tiña todo para exercer, para misar, todas as cousas... Foi recibido con moita simpatía por toda a tropa. Ademais, o bautizo era aquí unha institución social; o campesiño apreciaba moito iso. Gran número de familias querían que eu fose o padriño dos seus fillos... Teño afillados a moreas por toda Sierra Maestra. Eu diría que a súa presenza e o feito de exercer alí como sacerdote, bautizando tantos meniños, convertíase nunha maneira de vincular aquelas familias coa Revolución. Era un home simpático, todo o mundo o quería e tiñan moitas atencións con el. (Co tempo) déuselle o título de comandante en recoñecemento á súa xerarquía e aos seus méritos.

F.B.: E vostede tiña unha pequena cruz no seu uniforme de guerrilleiro?

F.C.: É que a min mandábame agasallos a xente de Santiago... E unha rapaciña envioume esa cadeíña, cunha cruz e unha mensaxe moi agarimosa. Daquela..., eu useina, si que a usei. Como un xesto cara a aquela nena. Ademais, tiñamos un sacerdote entre nós, eu era padriño de numerosos nenos campesiños, e non existía absolutamente ningún prexuízo con relación a esas cuestións.

F.B.: Como reaccionaron a Igrexa, os cristiáns, cara á vitoria da Revolución?

F.C.: Ao principio, as relacións con todos os sectores era moi boa. A caída de Batista foi recibida con xúbilo por todas as capas sociais..., excluindo aqueles elementos comprometidos co réxime de Batista, a xente que fixera fortuna, diñeiro *malhabido*, xente que roubara, sectores da alta burguesía... As dificultades comezaron coas primeiras leis revolucionarias

(por exemplo, a lei de confiscación dos bens malhabidos, roubados despois do golpe de Estado)

F.B.: **Ve a posibilidade de que no Terceiro Congreso do partido comunista cubano (en febreiro de 1986) se decida a proclamar o carácter laico do partido e que se admita a posibilidade de que cristiáns revolucionarios cubanos ingresen no partido?**

das revolucións coas crenzas relixiosas, ou que a reacción e o imperialismo poidan utilizar as crenzas como arma contra as revolucións. Pero non é só un punto de vista político, é un principio. Debe respectarse o dereito á crenza, como hai que respectar o dereito á saúde, á vida, á liberdade. Non están dadas as condicións, pero en tanto existan circunstancias nas que haxa individuos que polas súas

coa Igrexa dos terratenentes, dos burgueses, dos ricos era imposible un achegamento



Betto e Fidel nun encontro recente

F.C.: Aínda non están dadas as condicións. Estamos nunha etapa de coexistencia e de respecto mutuo entre o partido e as Igrexas. Coa Igrexa católica tivemos dificultades hai anos, que foron superadas; os problemas desapareceron. Eses problemas non os tiveramos nunca coas Igrexas protestantes... Falamos de que hai que facer algo máis ca coexistir en paz. Debera haber relacións de colaboración. Porque, desde logo, xa non pode ser a Igrexa dos terratenentes, dos burgueses, dos ricos. Con esa Igrexa era imposible un achegamento. Como sabes ben, está garantido na nosa constitución o máis estrito respecto ás crenzas relixiosas dos cidadáns. Iso non é simple táctica política. Ademais vivimos nun mundo de moitos crentes e non é conveniente o enfrontamento

crenzas non teñan as prerrogativas que teñan outros..., non é completa a nosa obra revolucionaria.

F.B.: **Mais iso supón eliminar o carácter “confesional” do partido...**

F.C.: Non podo aceptar o que dis dese carácter confesional, pero entendo que esa fórmula ten certa base. Isto xorde dunha conxuntura histórica..., pode tender a parecer ou converterse nunha especie de relixión, ter que practicar a non crenza como filosofía, o ateísmo como relixión; non pensamos realmente así. Necesitabamos un partido unido, forte, sen fendas, porque temos un inimigo moi poderoso que trata de dividirnos e que usou a relixión como ideoloxía contra a nosa Revolución.

Onde vai a xente nova?

Xosé Lois Vilar

Preguntámonos onde marcharon. Son a xeración que voou. Traballan, investigan, crean... polo mundo adiante. Son a Galicia nova que prestamos –metade necesidade, metade xenerosidade– a outros países. Quere-mos seguir-lles a pista. Non perdelos. Recordarlles a raíz. Recordarmos que tamén forman parte de nós. Por iso “Ónde vai a xente nova?” é a sección na que se contan as vidas da xente nova na diáspora.

Conversa con Paulo Vilar Saavedra



Paulo Vilar Saavedra naceu en Lugo hai 36 anos. Agora reside en East Lansing, poboación de 200 000 habitantes que pertence ao estado de Michigan (EUA). Paulo exerce o seu traballo na Michigan State University.

Levo oito anos nos EE UU. Na actualidade, exerzo de Assistant Professor e tamén como xefe de sección de oncoloxía veterinaria, que á súa vez se subdivide en 2 partes, medicina oncolóxica e radiación. Eu estou na de medicina oncolóxica.

A nivel clínico e de educación oncolóxica dos veterinarios, estamos como hai 20 anos nos EUA

Como foi que chegaches aos EUA?

Estudei veterinaria. Despois pasei ano e medio facendo o doutoramento. Cando acabei, coñecín a Guillermo Couto, arxentino de orixe galega que exercía a profesión en USA e que viñera a Lugo dar unha confe-

rencia. Ao pouco tempo, convidoume a pasar 3 meses cabo del. Ao remate dese tempo, faloume de facer un máster baixo a súa dirección.

Con que te financiabas?

Presenteime a unha convocatoria de La Caixa para estudos de Posgrao en USA. Concedéronme a bolsa. Eran 50 para toda España e só 2 para veterinaria. Fun entón a Ohio-Columbus. Fixen un “Master of Sciencies” en medicina veterinaria durante 2 anos. Quedei logo un ano máis facendo investigación co meu mentor.

E como pasas de Ohio-Columbus a Michigan?

Acabando o máster, decanteime polo traballo clínico e decidín acollerme ao programa International Fellowship na Michigan State University (MSU). Conseguí financiamento coa fundación Barrié para cubrir manutención, seguro médico, taxas... durante 1 ano.

Rematado o ano, entrei a formar parte dun programa da MSU Inter-ship, no que tiña a responsabilidade do traballo clínico e tamén impartía algunhas horas de docencia. Así tiro outro ano.

E logo?

Pasei á residencia, que son 3 anos, un programa ofertado pola MSU a través do colexio de veterinarios (ACVIM) de USA. Durante ese tempo tiven que facer investigación e publicar. Finalmente presenteime a dous exames. Acadei así o diploma de especialidade en oncoloxía e agora estou contratado pola MSU como profesor asistente. O meu labor é: investigación, docencia e clínica.

Que diferenzas atopas entre a veterinaria que se practica en Galicia e a de EE UU?

En Galicia, en España, apenas existe formación oncolóxica. Había algún veterinario interesado, pero non unha proposta universitaria consistente

para a especialización. Hai poucos anos comezou a moverse algo nesa dirección por iniciativa do European College (ECVIM), unha institución capaz de regular a formación das especialidades veterinarias en Europa. Alá nos EUA, o College que regula a especialización clínica vai xa polos 50 anos de exercicio.

Veste traballando en España?

Traballando en España hai dous oncólogos coa diplomatura ACVIM en Valencia. Non hai máis. Certo é que se van producindo cambios. Hai 20 anos eran poucos os que castraban ou vacinaban os seus cans. Agora esa demanda xa está moi estendida. Mais a nivel clínico e de educación oncolóxica dos veterinarios estamos como hai 20 anos nos EUA. Polo momento non estou interesado porque me gusta a universidade, e ademais necesitaría dun investimento que non é baixo se queres montar unha clínica pola túa conta. Precísanse ademais cambios de mentalidade. Nos EUA traballo con casos xa diagnosticados. O veterinario refíreme a min o caso e logo, unha vez analizado, e feitas as recomendacións, eu falo co propietario para ver como facer o seguimento man a man co veterinario. Aquí aínda hai que crear esa cultura cooperativa. Observo moita competencia entre clínicas e pouca cultura de asistencia referida.

Mais estase avanzando a nivel europeo, intentan seguir os pasos dos americanos. Curiosamente, a veterinaria é unha das profesións máis recoñecidas en EE UU. Esta tendencia vai forzar as universidades españolas a querer gañar prestixio. Interesará profesorado con esas especialidades. Que eu saiba, Barcelona e Córdoba son das poucas que teñen algún programa de especialización.

Que dicir de Galicia dentro deste panorama?



Estamos quitando xente moi boa que alimenta o sistema británico e o americano. Deberían pensar en como facer para que regresemos..., pero non che hai interese. A universidade segue sendo moi conservadora, endogámica... Se non es do pau, mirante coma unha competencia. Aquí a xente bota 10 anos esperando para ver se consegue a praza. Tamén hai xente

Deberían pensar en como facer que regresemos

que promove os cambios no sistema universitario e merecen o meu respecto e admiración porque é máis difícil traballar nesas condicións.

E non basta con seguir as directrices europeas de capacitación de profesionais e programas para ter recoñecemento dos seus profesionais en Europa... Hai que conseguir fondos para mellorar programas, traer persoas especializadas e de traballo contrastado. Un mercado de profesores continuo. Eu teño un contrato por tres anos. Avalíame cada ano. Na maioría dos laboratorios de EUA hai xente doutros países. Páganche, espe-

cialízaste e conseguen investigación. E veñen sendo os anos máis produtivos e a un custe menor porque é cando máis traballas e máis capacidade e máis ilusión tes. Produces moito por un salario relativamente baixo. Esa mesma investigación feita por un especialista consolidado sería moito máis cara.

Aquí crearon as bolsas Eduardo Pondal e outras (no 2006). Pretendían traer xente de fóra. Tiñan unha dotación por 5 anos. Pero logo non houbo financiamento público para continuar, acabou o programa e os bolseiros marcharon.

Este sistema de créditos para o estudo pode derivar nunha selección pouco equitativa entre universitarios con posibles e outros que non...

Ese desequilibrio non se produce na universidade. Non chegas a ela se non tes claras posibilidades de facer carreira. Pódese crear con facilidade un sistema crediticio para estudantes que dea resposta ao desequilibrio económico das familias. Si considero que a universidade debe ser máis esixente e eficiente co modelo e selección dos futuros estudantes. En España hai unha porcentaxe de abandono universitario demasiado elevada. Así perdes tempo e cartos.

Pingas de orballo

Perico, Pedro,
D. Pedro Santos Canosa

Baldomero Iglesias [Mero]

*Estou en bágoas, chorando/ao
meu amigo que me acaba de
morrer./Sempre tecemos fíos de
lúas/en calquera noite escura/e
chegamos, entre soños,/ás albas
do amanecer/cal se fose unha
aventura/de beber brillos de
luz, /albas de gloria en pintura,/
albas de noces con mel./Agora
foise en silencio/co abreinte en
charamuscas./todo será distinto:/
moito máis triste, sen el!*



Perico, na Romaxe das Virtudes

Morreu o meu amigo Pedro e era, tamén, amigo de todos cantos soñan horizontes moito máis amplos e xenerosos, mellor repartidos. Comigo estivo moitos anos exercendo, el de cura e eu de mestre, por Terras de Mesía. Anos de 1976. Tripamos camiños e corredoiras, tragamos moitas bágoas xuntos. E el, algo máis vello ca min, tiña un xuízo sempre máis acertado. Non sería quen de contarvos tanto que aventuramos, tantas vivencias únicas de decidirse, de proxección social, de soños. Unha, a máis importante quizais, foi a de sufrirmos xuntos as mesmas dores, aínda que –por veces– tamén as ledicias, e unha destas foi volver sobre a Festa das Virtudes, en Vitre: coa axuda de todos, recuperámola para contento de novos e vellos, do pobo e pobos do arredor. Cítoa porque alí tivemos unha Romaxe de Crentes no ano 2014 e mesmo alí, xa estaba enfermo, rendémoslle unha pequena homenaxe e consideración. Lembrades?

Acompañámolo na súa enfermidade de varios amigos e compañeiros nun retiro que se marcou alá en Castelo, coa súa irmá e parentes. Iamos xuntos aos médicos, buscabamos camiños para seguir, sempre para seguir. Perico era así. Andaba silandeiro, te-

cendo venturas e aventuras. Alguén chegou a non querelo, sentín rosmaś agachadas, pero el sempre –seino ben– quixo a todos. Foi dinamizador dunha cooperativa, a de Frades, e nela todo foi ben mentres el puido conciliar vontades dos agricultores e cooperativistas. Foi tamén un gran futbolero, mesmo adestrador do Albilán e doutros equipos humildes do arredor. Como árbitro, era, penso eu, algo parcial de máis. Seica axudaba sempre aos perdedores, hábito moi marcado nos que saben da dor e da impotencia que se sente fronte aos grandes e aos poderosos, aos que nada lles fai falta. Non soportaba o abuso e tenme dado moitas probas da súa enorme humildade.

Cando foi para Bueu, o primeiro día xa, fun con el e presenteille os amigos que alí eu tiña. Con eles, con Carlos, Rubén, Xesús e todos cantos viñeron, Cabada, Paco Carballo..., fixo moi boa amizade. Foron quen de loitar e de facer cousas no ánimo esperanzado da paz e o sosego. Sentiuse reconfortado na súas novas amizades e foi bo conselleiro, sen deixar de mirar por min, irmáns, aínda que sabía que igual non facía caso de todo dos seus consellos. Algúns temos ese toque de anarquía.

Sei que hoxe, perdoade a torpeza, as palabras non me deixarán dicir máis que cousas sen moito xeito nin sentido. Ás veces ocorre isto, quedan torpes para significar o moito que teríamos que dicir. Pero sei, de antemán, que serán un eco xordo do que foron os feitos, do moito que significou para min, para nós. Sei que a miña vida sería moito máis pobre sen el, sen as súas ansias que compartiu connosco, cos que, por veces, lle tirabamos do xenio ou que o faciamos rabexar e entrar noutras dimensións moito máis emotivas, máis doadas para o corazón. Sinto un enorme baleiro indescribible, creo que con el –por iso o lembrarei sempre–, se o perdese, irían moitos soños increíbles, de tanto por facer. Por iso o lembrarei, por egoísmo. Sei que ninguén poderá ocupar o seu sitio, pero sei –e afirmome rotundamente– que non o esqueceré, será a forma de perdurar nos soños que xuntos soñamos; de sentirme con el na loita inacabada de buscar amenceres limpos para abondar na dignidade humana. Horizontes nos que non se poida perder o contacto das persoas e da presenza física da man amiga. Habitará os eidos da nostalxia, moi feliz, aquela que nos deixa un ronsel gravado en afectos, por telo coñecido!

O sector lácteo, un ano despois das mobilizacións: perspectivas dunha nova lexislatura

Continuamos a conversa -da que publicamos a primeira parte no último número- con Pepe Salvatierra: Alí faciamos fincapé nas leccións a aprender da Bretaña francesa. Apuntamos agora cara aos últimos acontecementos no sector lácteo a as perspectivas do que o presidente Feijoo en campaña electoral definiu como a “lexislatura do rural”.



Como valorar o feito da recente unión das tres cooperativas (Feiraco, Melisanto e Irmandiños)?

Todo o que se faga para traballar e emprender cousas racionais xuntos sempre está ben, sempre que se teña un proxecto claro e sostible. Este chega trinta anos tarde, na miña opinión. Pero se non se fixo antes, ben está que arranque agora.

Para min o máis positivo é que as tres cooperativas que van a formar o novo grupo xa teñen moitos anos de experiencia en traballar no sector, de forma asociativa. Sempre foron medrando e aturando distintas crises. Outras que empezaron quedaron embarrancadas no camiño e desapareceron.

As tres cooperativas que se xuntan, para constituir unha de segundo grao, son Feiraco, Melisanto e Irmandiños, con sede en Negreira (A Coruña) Melide (A Coruña) e Ribadeo (Lugo), respectivamente.

Xa teñen buscado o nome. Chamarase: Cooperativas Lácteas Unidas (CLUN). Empezará a funcionar como tal o día primeiro de xaneiro do 2017. O importante é que xuntan en total

3500 gandeiros, que producen 300 millóns de litros de leite ao ano, que equivale o 15% da produción total de Galicia.

É un avance positivo, en calquera caso...

Este primeiro paso pode ser un primeiro embrión dun futuro grupo máis amplo, coa entrada doutras cooperativas, mesmo de fóra de Galicia.

De momento, non van a industrializar nin comercializar xuntos. Iso

A unión das cooperativas chega 30 anos tarde, pero mellor que se faga

poderá vir máis adiante. O que van facer como arranque é utilizar mellor os servizos que cada cooperativa ten agora, para intentar abaratar custos e mellorar as prestacións, compartindo prestacións e vantaxes, coma horta e maquinaria, que unhas tiñan e outras non. Servizos de todos para todos, mellorando a economía de escala.

Seguro que teñen que pasar de sete a dez anos para ir vendo os resultados como novo grupo, xa con transformación e comercialización, con novos produtos, etc. O importante é pór ben as bases e avanzar con criterios firmes e sostibles. De entrada, paréceme ben a unión.

Será, como prometía Feijoo en campaña, a lexislatura do rural?

En principio, non o creo. En catro anos nos se arranxa o rural, nin outro sector de calquera tipo, que leva tantos anos esquecido e en constante crise.

Empezaríase a notar algo, se atacan varias fronteas. Primeiramente, a ordenación do territorio: que se pensa facer cos bosques, co monte? Seguiremos co monocultivo do eucalipto, favorecendo as multinacionais da pasta de papel? Seguro que si. Se non, a que vén o da prórroga de 60 anos máis a papeleira de Pontevedra? Este verán Rajoy andou a pasear pola cidade do Lérez co principal accionista de ENCE.

E despois, que se vai facer cos montes veciñais en man común? Case



600.000 has., a maioría delas sen ter un plan de xestión e explotación.

Outra cuestión clave: Por que sistema de produción se vai apostar, para ter explotacións rendibles e sostibles? Seguen pechando arredor de 800-900 explotacións de leite e carne cada ano. En Francia, en Irlanda, en Inglaterra, teñen establecidos un sistema de produción, polo cal apos-

En Francia, en Irlanda,... definen un sistema de produción e apostan e investigan para el. Aquí non.

tan e apoian coa investigación, para seren racionais e competitivos. Aquí non o hai.

Iso ten que ver co da base territorial suficiente por cabeza de gando

Como di un enxeñeiro agrónomo, de Chantada, que foi moitos anos

Director Xeral de Agricultura e Desenvolvemento Rural na Comisión Europea, Galicia ten as cortes e as vacas, pero o comedeiro está en Brasil, Arxentina e EUA, de onde vén o millo e a soia, para os 3500-4000 kg. de penso que come cada vaca de leite en Galicia.

Máis desafíos?

Cando se pon a funcionar correctamente o Banco de Terras para favorecer as explotacións familiares? A Conselleira do ramo aposta polas grandes explotacións en detrimento das familiares. Así non se fixa poboación no rural.

Cando se vai penalizar os absentistas por teren fincas abandonadas? Logo ben o lume, e gástanse sobre 160 millóns de euros en apagalo cada ano. A sonada industria do lume.

Vaise apostar pola transformación dos produtos, ou seguiremos mandándoo a transformar fóra. Exemplo: Se producimos pasta de eucalipto, por que non temos fábricas de papel, que son as que crean postos de traballo en non contaminan? Mandan os lobbies da madeira.

Investiremos mellor os fondos de desenvolvemento rural, con proxectos a medio e longo prazo, e non en cousas pantalla, para contentar os alcaldes do momento? Seguiremos cos paseos artificiais, que logo veñen os temporais e desaparecen, e ninguén mantén?

Se non mudan unha serie de cousas básicas, será igual ca outra lexislatu-
ra calquera.



**Deputación
DA CORUÑA**

EDITA: Asociación A. IRIMIA

MESA DE REDACCIÓN: Daniel López Munoz, Luís Gómez Aldegunde, Pedro Pedrouzo Devesa, Rubén Rivas Vidal, Lidia Campos Chan, Manolo G. Turnes, Lines Salgado Iglesias, José Antonio Martínez. Tlf. 986 10 49 45.

COLABORADORES: Victorino Pérez Prieto, Manolo Regal, Alfonso Blanco Torrado, Xosé Lois Vilar, Marta Sopena, Tareixa Ledo Regal, Clodio González Pérez, Xabier Blanco, Valentina Formoso Gosende, Antonio Pinto Antón, Carmen Soto, Rubén Aramburu, Marisa Vidal, Xan Guillén, Christina Moreira, Carlos Vázquez G., Teresa Souto Loira, Josecho de la Torre Culler, Lucía Santiago Díaz, Baldomero Iglesias Dobarrío (Mero), Lois Ferradás, Xaquín Campo Freire, Nieves Espiñeira Medín, Francisco Almuíña, Alfonso Mascuñana, Antón Laxe, Ramón Díaz Raña, Olga Álvarez, Engracia Vidal Estévez, Manuel Arca e J.M. Barca López.

CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA: Lidia Campos Chan, Luís Aldegunde.

RECEPCIÓN DE ARTIGOS E COLABORACIÓNS EN: revistairimia@asociacion-irimia.org

SUBSCRICIÓNS: Apdo. 296 - 15704 Santiago de Compostela. Telf.: 615 464 095 / subscripcións@asociacion-irimia.org

Ordinaria: 30 Euros, de Apoio: 45 Euros. Cota de socio: 3 Euros.

PARA ASUNTOS DA ASOCIACIÓN NON RELACIONADOS COA REVISTA: asociacion-irimia@asociacion-irimia.org

CONTA: ABANCA ES63 2080 0349 8530 4000 5822 - Urbana, nº 8 - Santiago

DEPÓSITO LEGAL: C-1417-81 **TIRADA:** 650 exemplares

DESEÑO E MAQUETACIÓN: TallerDD (Ninfa, Riveiro, Martínez)

ISSN: 2172-9182

IMPRIME: TÓRCULO Artes Gráficas

DISTRIBÚE: IMPACTA

EDICIÓN ELECTRÓNICA: <http://asociacion-irimia.org/revista.xhtml>

FEITO EN PAPEL RECICLADO



Boa Nova



Xosé: o home que fixo o que non se esperaba del

Hoxe temos un clásico dentro dos relatos da infancia de Xesús. Mateo pon no centro da historia a Xosé, destacando del que era un home xusto. Tradicionalmente considerase que este apelativo refírese a honestidade e bondade con que actúa ante a realidade do embarazo de María. Porén, na mentalidade do mundo mediterráneo antigo ser xusto aplicase a quen sabía comportarse de maneira honorable na sociedade. Algo que Xosé, en realidade, non vai facer.

Para seguir sendo considerado un varón honorable ten que repudiar a María, anque pretende facelo en secreto. Tal actuación lle evitaría ter que defender publicamente a súa honra e posibilitar que María poida seguir tendo unha opción de futuro.

O encontro con Deus nun soño trastorna os seus principios e con temor e tremor, opta por construír unha nova familia, desde o respecto a dignidade de María, construíndo xuntos un fogar para Xesús. Coma cabeza de familia debe dar estabilidade, honor e futuro a súa familia, pero el opta pola inestabilidade e a novidade: deixase guiar, discernir e renuncia a honra, comezando o seu camiño familiar desde os últimos, nas aforas de Belén. E iso será o que Xesús vai propoñer despois os seus discípulos e discípulas: construír unha nova familia dende a igualdade e a reciprocidade, a familia do Reino. Xesús, sen dúbida ningunha, aprendeu de Xosé cal era o estilo de relacións que Deus desexaba. Esa é tamén a chamada que este texto fainos hoxe a nós alén das concrecións do relato.

Carme Soto

DOMINGO 18 DE DECEMBRO. 4º DE ADVENTO

A PALABRA. Mt 1, 18-24

O nacemento de Xesús Cristo foi así: María, a súa nai, estaba prometida a Xosé; e antes de viviren xuntos apareceu ela embarazada por obra do Espírito Santo. Xosé, o seu prometido, home xusto, non a querendo aldraxar, decidiu repudiala secretamente. Tal era a súa resolución, cando o anxo do Señor se lle apareceu en soños, dicíndolle: «Xosé, fillo de David, non repares en levar contigo a María, a túa prometida; que o que nela se concibiu é obra do Espírito Santo. Dará a luz un fillo, e ti poñerásle de nome Xesús, porque salvará o seu pobo de todos os seus pecados.»

Todo isto aconteceu para que se cumprise o que dixera o Señor por boca do profeta: *Mirade: a virxe concibirá e dará a luz un fillo, e poñeránlle de nome Emmanuel* (que quere dicir “Deus conosco”). Acordou Xosé do seu soño, e fixo tal como lle mandara o anxo do Señor, levando consigo á súa prometida

Pobre nena María! Non tiña dabondo con todos os traballos da casa e do campo e por riba atópase cun embarazo sorpresa. Pero a cuestión, máis aló do embarazo, está no dilema de Xosé entre ser xusto e ser bo. Ser xusto no senso de cumprir a lei, a norma, ou ser bo, mesmo saltándose a lei e a norma. O que se debe facer ou o que me sae do corazón. escoitar a voz da conciencia coa que Deus fala a cada un desde o noso interior.

E pensando nestas cousas chega o dilema do Nadal: gastar en paparotas e agasallos, sen pensar en nada máis, como manda a nosa sociedade consumista, ou practicar o deporte da solidariedade, que cansa pero senta ben ao corpo e ao espírito, escollendo algunha campaña na que poder botar unha man. Por poñer un exemplo, a miña parroquia leva varios anos colaborando con Haití, desde o terremoto do 2012. Porque aínda que o resto do ano se axude aos veciños do barrio que o necesitan, nestas datas achegámonos tamén aos nosos irmáns da outra beira do mar. E isto axúdanos a entender o significado real do Nadal.

Olga Álvarez

A CLAVE

A PALABRA

O ECO

Falando da lingua Sabedoría popular

Lidia e Valentina



A el tamén lle saben...

Xa se sabe de vello que “Detrás do veranciño de san Martiño, chega o Nadal co seu inverniño”. Antes do Nadal aínda está a santa Lucía. Como este ano non choveu nada, se cadra vén agora toda xunta, e... “Cando chove por Santa Lucía, non hai sardiña”. Temos gana de auga, ben sabemos que fai falta, pero sería unha lástima perder a sardiña, primeiro, polo mercado; segundo porque é un dos nosos peixes preferidos; e, terceiro, por aquilo que se di que “Para co-

mer de vello galiña, hai que comer de novo sardiña”..

Cada vez a xente nova come menos peixe, só se llo presentan coma un bisté... Iso si, hai que andar ao xeito, xa o di o refrán, “*Para dicir mentiras e comer pescado, hai que ter moito coidado*”; con todo, non podemos privar os pequenos de comerem peixe con espiñas, que aínda lles ha parecer que non as teñen e que os peixes que nadan no acuario nada teñen que ver co alimento que ven no prato. Claro que moitos habedes de estar pensando

“Predícame Pedro, predícame frade, por unha orella me entra e por outra me sae”, mais nós somos das que dicimos que “Verbas sisudas, non queren testemuñas” e insistimos en que temos que aplicarnos na boa alimentación da rapazada. Desde logo que “A árbore que nace torta, tarde ou nunca se endereita”.. Así e todo, iso non nos vai desanimar porque a comer apréndese, e non nos digades aquilo de que nós facemos coma a formiga que “foi mexar ao mar e dixo que era unha axuda” porque xa o sabemos, pero insistimos...Do que non temos a certeza é de se “*A sardiña e o porco, se voaran, en moito máis se estimaran*”. A nós gústanos o porco e mais a sardiña tanto ou máis ca outros animais que voan. Tamén é certo que despois do San Martiño é tempo do porquiño e non da sardiña. Agora ben, neste tempo que estamos, están riquísimas acompañadas de castañas: “Non hai ruín viño con castañas asadas e sardiñas salgadas”, pero lembre aquilo de que “A sardiña salgada, ben cocida e mal asada”.

O Fachineiro da economía

Tamén o sol

Hai uns días atopouse este fachineiro cunha noticia desas que, se cha contan o 28 de decembro, pensas que se están rindo de ti. Resulta que o goberno portugués acaba de modificar o valor catastral das casas de xeito que vai aumentar o Imposto de Bens Inmóbles. Nese imposto, o feito de que unha casa teña exposición ao sol vai ter un peso de entre un 5 e un 20%. Isto pode supoñer máis do que se paga por unha piscina privada, e faise nun país onde o sol non é escaso. Xa se coñece como o imposto ao sol. A receita é sempre a mesma: sangrar os que menos teñen, e iso que o goberno está presidido



por un socialista. Imaxinemos que o alcalde de Folgoso do Courel decide gravar cun imposto o feito de que o aire que respiran os courelaos está moi limpo ou que a traída da auga vén dunha fontela moi sabedeira. Xusto isto lévame a recomendar unha película de Iciar Bollaín, *También la lluvia*, que conta a loita dos campesiñado boliviano contra a multinacional norteamericana que se fixera co contrato da auga e decidira subila un 300% coma quen non quere a cousa. Poucas veces ocorre, pero naquela ocasión os empobrecidos gañaron o pulso.

A.Q.